



NOTA DE PRENSA DO 06.05.08: OS VECIÑOS AFECTADOS POLA INSTALACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL NO SEU EDIFICIO NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO EN PONTEVEDRA SOLICITAN AO CONCELLO INFORMACIÓN, O SEU DESMANTELAMENTO PREVENTIVO, E UNHA REUNIÓN URXENTE COS CONCELLEIROS RESPONSÁBEIS.

**Hoxe, 6 de maio de 2008, Jose Luis Vazquez Iglesias**, en representación de 71 veciños e veciñas residentes no Edificio La Graña na rúa Rosalía de Castro 45-47 (fronte ao colexio de Salvador Moreno), presentou no rexistro xeral, como colectivo de afectados pola instalación dunha antena de telefonía móbil no Bloque nº 1 do mencionado Edificio, unha solicitude ao Concello de Pontevedra:

- **Reclamando Información detallada sobre a petición e/ou tramitación das Licenzas Municipais preceptivas (Licenza de Obra Maior e Licenza de Actividade Clasificada) para a instalación de dita antena** (xa que segundo a información obtida do servizo municipal de Urbanismo é de que carecen de ámbalas dúas); e sobre a ilegalidade e consecuencias das obras que modificaron totalmente un “trasteiro” para a colocación dos aparellos necesarios para a instalación da antena.

- Solicitando **o desmantelamento de tódolos elementos desta antena base de telefonía móbil que SE ESTÁ A INSTALAR ILEGAL E IRRESPONSABLEMENTE NESTA ZONA RESIDENCIAL E ESCOLAR (xusto en fronte do Centro de ensino de Salvador Moreno), así como un regulamento específico** que, dende **o principio de precaución** compatibilice as novas tecnoloxías e a saúde.

- Ase made, esta solicitude demanda dunha **ENTREVISTA** coas Concelleiras e Concelleiros implicados.

O colectivo de persoas afectadas por esta electrocontaminación, xa realizaron o derradeiro 23 de abril un acto informativo na que un membro da APDR informou sobre **a certeza científica de non poder demostrar a inocuidade** destas tecnoloxías nos límites marcados pola normativa estatal, considerada desfasada por non ter en conta o Principio de Precaución ante os efectos biolóxicos potenciais como se reclama dende a propia **Axencia Europea de Medio Ambiente**, o **Valedor do Pobo** e dende distintos ámbitos da **comunidade científica, xudicatura, movemento veciñal e ecoloxista, e asociacións de nais e pais**.

Á espera de contestación municipal, este colectivo está a preparar neste mes de maio unha **ASAMBLEA VECIÑAL** así como **informar aos docentes e as familias que teñen aos seus fillos no colexio de Salvador Moreno;** para reaccionar ante a indefensión que existe na cidade ante a proliferación caótica de antenas de telefonía móbil sin atenerse á legalidade nin ao Principio de Precaución **que requiriría a retirada das mesmas das zonas residenciais e a reubicación regulada das mesmas**, como xa se están plantexando noutras localidades compatibilizando a cobertura (e os intereses económicos) da telefonía móbil coa saúde da poboación.